

29 de MARZO - Xornada de Pensamento libre

Coñeces o **PENSAMENTO LIBRE?**

Ven a coñecer este proxecto o mércores **29 de marzo** na sede de FADEMGA
Plena inclusión Galicia.

**Dirixido a persoas con discapacidade intelectual, e aberto a familias,
profesionais e persoas voluntarias.**

Solicita a túa participación a través do correo
areasocial@fademga.org

Tes de prazo para anotarte ata o 24 de marzo.

QUE É O PENSAMENTO LIBRE?

- É un **proxecto de** FADEMGA Plena inclusión Galicia e a Asociación Filosofía para nenos.
- É un **proxecto para empoderar** ás persoas con discapacidade intelectual.
- É un proxecto alternativo, onde pensamos con liberdade.

QUE NON É O PENSAMENTO LIBRE?

- Non é un lugar onde se imparten contidos de maneira tradicional.
- Non é terapia de grupo.
- Non é un obradoiro de habilidades sociais.
- Non é un espazo onde se sobreprotexe.
- Non é un lugar onde se reconducen as ideas.
- Non é unha escola onde se califica ás persoas con aprobados ou suspensos.



O PENSAMENTO LIBRE É UN LUGAR ONDE:

1 PENSAMOS.

Aprendemos a:

- Facernos preguntas.
- escoitarnos e dialogar.
- Desenvolver as nosas capacidades.

2 SENTIMOS.

- Coñecemos as nosas emocións.
- Autoxestionamos as nosas emocións.
- Practicamos técnicas de benestar emocional.
- Desenvolvemos a empatía.

3 PROMOVEMOS A ÉTICA.

- Recoñecemos a dimensión moral das persoas.
- Traballamos dilemas morais.
- Coñecemos os Dereitos Humanos.
- Dialogamos sobre temas sociais que nos interesan.

Cando é a xornada?

Mércores 29 de marzo.

De 16:00 horas a 19:00 horas.

En FADEMGA Plena inclusión Galicia.

Vía Pasteur, nº53-B.

Polígono do Tambre.

Santiago de Compostela.

ANÓTATE!